Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no eido da Cultura en 2013, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrência, non discriminación e igualdade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan ás atribuídas á competencia municipal; ou que, en xeral contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as do Municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos; 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local; 40.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de subvencións das corporacións locais; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última, Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Caldas de Reis (B.O.P. nº 183 de 22/09/2005), e Bases de Execución do Orzamento vixentes.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 334.483.00 do orzamento vixente, sen que poidan exceder no seu conxunto de 17.000,00 euros.

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Poderán ser obxecto de subvencións os gastos correntes referidos as seguintes actividades:

- Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte e gastos de organización de actividades en xeral.
- Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura, teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais e artísticas.
- Xuventude: Actividades dirixidas á mocidade
- Fomento do asociacionismo: Gastos na organización de actividades que fomenten o asociacionismo (veciñal, cultural, xuvenil...) en materia de ocio e tempo libre.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será desde o 1 de decembro de 2012 até o 30 de novembro de 2013.

2. BENEFICIARIOS/AS

As destinatarias das subvencións serán entidades que cumpran os seguintes requisitos:

1. – Estar legalmente constituídas
2. – Carecer de ánimo de lucro
3. – Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Caldas de Reis
4. – Estar inscritas no Censo Municipal de Asociacións do Concello de Caldas de Reis na data de publicación da convocatoria destas subvencións ou desenvolver a súas actividades no seu ámbito territorial sobre temas de interese para o municipio.

Non poderán ser beneficiarias de subvención, ao abeiro da presente convocatoria, aquelas entidades que sexan beneficiarias dunha subvención directa outorgada polo Concello de Caldas de Reis para o mesmos exercicio.

3. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

Cada entidade solicitante presentará un único proxecto, que poderá englobar unha ou varias das actividades previstas no artigo 1 desta convocatoria.

A SOLICITUDE DEBERÁ INCLUÍR:

1. – Instancia en modelo normalizado asinada polo/a presidente/a da entidade na que conste a contía da subvención que se solicita. (Anexo I)
2. – Memoria explicativa na que se detallan as actividades que integran o proxecto para o que se solicita a subvención. Nesta memoria haberá que incluír como mínimo: obxectivos, destinatarios/as, financiamento das actividades, etc. (Anexo II)
3. – Presuposto detallado (global e por conceptos) dos gastos ocasionados polo proxecto para o que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento (cotas, donativos...) (Anexo II).
4. – Copia compulsada do CIF da entidade
5. – Declaración de se solicitaron ou lles foron concedidas outras subvencións para o mesmo proxecto procedentes de calquera administración, ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude (Anexo I).
6. – Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
7. – Declaración xurada de que se atopan ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social (Anexo I).
8. – Declaración xurada de que a asociación non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (Anexo I).
9. – Declaración xurada de que a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións (Anexo I).

9.—Autorización ao Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade que representa está ao corrente coas súas obrigas tributaria e coa Seguridade Social (Anexo I).

Se se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas, de conformidade co disposto no art.71 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. PRAZO DE SOLICITUDES

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de subvención formalizaranse nos impresos oficiais aprobados e facilitados aos/ás interesados/as polo Concello e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5. CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Establécese como Órgano Instrutor os/as técnicos/as da Concellaría de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes, e os/as técnicos/as dos servizos económicos do Concello.

O Órgano Colexiado encargado de formular a proposta de resolución estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente/a: Concelleiro/a de Medio Rural el Cultura
- Vocais: Concelleiro/a de Benestar Social, Igualdade e Sanidade.
Concelleiro/a de Economía e Facenda, Benestar Social de Deportes.
Concelleiro/a de Asociacionismo,Dinamización Socio Cultural e relacións laborais.
- Secretario/a: Un/ha funcionario/a do Concello que actuará con voz pero sen voto.

Poderán asistir, en calidade de asesores, persoal técnico municipal adscritos as areas de Cultura e Benestar Social que actuarán con voz pero sen voto.

O Órgano Colexiado examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración fixados nestas bases, a fin de establecer unha prestación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol daquelas que obtiveran maior puntuación.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Alcalde-Presidente, previa proposta do Órgano Colexiado designado ao efecto, de acordo cos seguintes criterios de avaliación ponderables, que serán aplicados á vista da documentación presentada polos/as solicitantes

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para adxudicar as axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- a) O carácter continuado e non ocasional do proxecto : máximo 8 puntos
- b) A súa proxección social (persoas beneficiarias e ámbito de influencia): máximo 8 puntos
- c) Mantemento de tradicións e manifestacións culturais, deportivas e artísticas locais: máximo 8 puntos
- d) Que as actividades estean dirixidas non só aos asociados da entidade senón á poboación xeral e nas mesmas condicións: máximo 8 puntos

- e) O grado de coordinación, complementariedade ou suplencia cos programas desenvolvidos por este Concello así como a colaboración no desenvolvemento de actividades de utilidade pública e social (deportivas, culturais, educativas...) e a participación da entidade nas reunións que periodicamente se realizan entre a área de Cultura e a área de Igualdade e Asociacionismo do Concello de Caldas de Reis e o tecido sociocultural para a coordinación da actividade cultural municipal: máximo 16 puntos
- f) Colaboración con outras entidades, sexan de Caldas ou doutros concellos, na organización e posta en marcha das actividades: máximo 8 puntos
- g) A calidade dos proxectos, o seu carácter innovador e a adecuación ás necesidades ou demandas da poboación destinataria: máximo 20 puntos
- h) Proxectos que incidan directamente na dinamización sociocultural e deportiva do medio rural: máximo 16 puntos.

Para poder optar a unha subvención o proxecto deberá acadar un mínimo de 8 puntos.

A contía a percibir será proporcional aos puntos acadados tendo en conta que o importe de cada subvención non poderá superar o 100% do investimento subvencionable.

O importe asignado a cada entidade calcularase multiplicando o valor do punto polo número de puntos obtidos por cada entidade. O valor do punto será o resultado de dividir o sumatorio dos puntos obtidos pola totalidade das entidades que acaden a puntuación mínima entre do crédito orzamentario asignado para a convocatoria.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, ben illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

7.—NOTIFICACIÓN

A resolución da concesión será notificada ao/á interesado/a no prazo de tres meses unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

8. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Son obrigas do/a beneficiario/a:

- Realizar todas as actividades do proxecto que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización do proxecto e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a intervención municipal.
- Acreditar, na fase de xustificación e de pago de subvención, que está ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias (Facenda e Hacienda) e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, sen prexuízo da esixencia da certificación neste senso polo secretario da asociación.
- Dispoñer dos libros contables e demais documentos debidamente auditados nos termos da lexislación mercantil.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Caldas de Reis.
- Non utilizar o mobiliario urbano de titularidade municipal, como soporte publicitario das actividades subvencionadas.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

9. DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS SUBVENCIONES

As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar xustificación para o cobro da subvención con data límite 5 de decembro de 2013, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

1. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios de estas e máis o custe total de cada unidade. En todo caso deberase acreditar a realización do pago respecto do importe do gasto obxecto da subvención, dita acreditación farase ben achegando o xustificante da transferencia bancaria, ben facendo constar na propia factura o recibín do preceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo. A subvencionabilidade do IVE esixe previa acreditación da imposibilidade de recuperación ou compensación mediante achega de certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
2. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición do Concello de Caldas de Reis para o seu exame (Anexo III).
3. Os gastos xustificados deberán axustarse no posible ós conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis có importe xustificado co límite da subvención concedida.
4. Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle da financiación obtida e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada (Anexo III).
5. Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social. Se a entidade ten recoñecido o carácter social (circunstancia que deberá acreditar mediante achega do correspondente certificado expedido pola AEAT) quedará exenta de presentación dos certificados acreditativos de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributaria e social bastando coa achega de declaración responsable. O certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias municipais incorporárase de oficio ao expediente pola Tesourería do Concello.
6. A xustificación deberá ir xunto cunha memoria da actividade ou do investimento realizado dos resultados obtidos (Anexo III).
7. Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de Caldas de Reis da actividade ou investimento subvencionado, sendo suficiente a declaración responsable do representante de a ter feito (Anexo III).

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionables os conceptos que a seguir se relacionan:

- Adquisición de material inventariable e investimentos (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)
- Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan. Só se aceptará este tipo de gasto cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (o que se fará constar na memoria que se xunte á solicitude) e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade desenvolvida.
- Gastos de teléfono, manutención, aloxamento, quilometraxe ou similares
- Alugueres dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.
- Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos (salvo no caso da subvención a festas gastronómicas).

Admitiranse as nóminas de persoal da entidade sempre que se xunte unha certificación na cal se especifique a parte proporcional dedicada á realización das accións.

Na elaboración de revistas, voceiros, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, de ser o caso.

Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. De igual xeito, nas excursións ou viaxes culturais, poderán xustificarse os gastos de desprazamento e organización de actividades culturais paralelas (guías, museos...) pero non serán admisibles os de alimentación, comida ou pernocta.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- A) Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- B) Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- C) Facturas que non veñan presentadas en forma e modo.
- D) As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos de persoal, xustificáranse mediante facturas ou nóminas orixinais, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas.

Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

10. REINTEGRO DE SUBVENCÍONS

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN FINAIS

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos/as ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes: Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

As sancións procedentes será acordadas e impostas pola Alcaldía.

ANEXO I - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DATOS DO SOLICITANTE

Entidade:	C.I.F.	
Enderezo:		
Código Postal:	Parroquia:	Concello:
Enderezo electrónico:	Telefono:	

DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e apelidos:	D.N.I.	
Enderezo:	Concello:	
Parroquia:	Código Postal:	Telefono:

EXPÓN

Que á vista da convocatoria de subvencións a Asociacións sen ánimo de lucro para o seu funcionamento e realización de actividades culturais.

Quen abaixo asina **DECLARA:**

1. Que a entidade non recibiu ningunha subvención e/ou axuda con idéntico destino, comprometéndose a comunicar ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

- En caso afirmativo

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade:	
Entidade	Importe:

2. Que a entidade no se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvención pública, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
3. Que a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade que representa está ao corrente coas súas obrigas tributaria e coa Seguridade Social.

SOLICITA

A concesión de subvención para a realización de programas Culturais, Sociais ou deportivos.

Data	
Firma	
SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS	

ANEXO II - MEMORIA SOBRE O PROGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR

1. Nº de socios da entidade:

2. Denominación do programa:

.....
.....

3. Actividades concretas que inclúe o programa:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

4. Nº de posibles beneficiarios ou participantes no programa:.....

5. Ámbito de repercusión territorial do programa ou actividade (autonómico, provincial, local, parroquial, asociativo, etc.):

6. Presuposto do programa, detallado por actividades:

Actividade	Presuposto
.....	-€
.....	-€
.....	-€
.....	-€
Total gastos previstos...	-€

7. Ingresos que conta a Entidade para a realización do programa:

a. Cota de socios: €

b. Subvencións:..... € (Especificar.....)

c. Outros:..... € (Especificar.....)

Total ingresos previstos: €

8. Importe solicitado: €
9. Mesmo proxecto realizado en anos anteriores e a súa continuidade (anos de realización do proxecto):
10. Grado de colaboración, coordinación complementariedade ou suplencia coas actividades que desenvolve o Concello. Citar as actividades realizadas nos últimos anos en colaboración con Concello:
11. Grado de colaboración con outras entidades. Citar as actividades realizadas nos últimos anos en colaboración con outras entidades, sexan de Caldas ou doutros Concellos:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na presente solicitude, e acepto someterme as normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que, no seu caso, sexa requirida polo Concello.

En Caldas de Reis a de de 2.....

O representante de Entidade

Asdo.

ANEXO III - MEMORIA DE ACTUACIÓN E CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN

D^a/D..... en calidade de representante da entidade
..... con NIF/CIF
e enderezo en

DECLARA:

a) Que a entidade que representa deu cumprimento aos condicionantes impostos mediante a execución das actividades ou investimentos que de seguido se detallan:

.....
.....
.....
.....
.....

b) Que da realización da actividade se desprenden os seguintes resultados:

.....
.....

c) Que con esta conta xustificativa achéganse os orixinais ou copias debidamente cotexadas das facturas, nóminas e demais documentación acreditativa dos gastos efectuados que de seguido se relacionan:

Proveedor/Empresa	CIF/NIF	Nº de factura	Concepto	Importe (€)
			Total.....	

- d) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.
- e) Que se fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Caldas de Reis, do investimento/actividade subvencionado/a.
- f) Que tódolos documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Caldas de Reis, no local social da entidade, aos efectos da súa posible comprobación.
- g) Que a entidade referida non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.
- En caso afirmativo

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade:	
Entidade	Importe:

- h) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos executados, sendo destinadas tódalas achegas a actividade subvencionada.
- i) Que a entidade á que representa non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social e autoriza ó Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que representa está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (*)
- j) Que o gasto foi reflectido, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade

E para que conste, asino en Caldas de Reis o.....de.....de

O representante

Caldas de Reis, a 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

2013002006

* * *

A CAÑIZA

A N U N C I O

SELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO POLO CONCELLO DA CAÑIZA

Ao abeiro do establecido na Lei Orgánica do Poder Xudicial, e co fin de proceder á elección de Xuíz de Paz Substituto no Concello de A Cañiza (Pontevedra), publicouse no BOP núm. 11 de data 16.01.2013 anuncio de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o procedemento, e vistas as solicitudes presentadas, o Concello-Pleno en acordo de data 22.02.2013 acordou:

- *Primeiro*: Propoñer a PAULA GÓMEZ PÉREZ, con DNI núm. 36.153.712-N para ocupar o cargo de XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO do Xulgado de Paz de A Cañiza (Pontevedra).

O que se fai público aos efectos oportunos, significándose que quen desexa impugnar o presente acordo que pon fin á vía administrativa, procede o recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente, conforme ao artigo 46.1 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá, non obstante, interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición diante desta Administración, conforme á Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (artigos 116 e 117) e á Lei reguladora das bases do réxime local (artigo 52), no prazo dun mes, a contar, así mesmo, desde o día seguinte á publicación do presente.

A Cañiza, a 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013002008

A N U N C I O

Por medio do presente faise público que o Pleno do concello de A Cañiza na sesión plenaria de data 22.02.2013 procedeu á aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F.) NO CONCELLO DE A CAÑIZA

ARTIGO 1. FUNDAMENTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF).

ARTIGO 2. CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento de prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie da prestación do SAF prestado polo Concello de A Cañiza. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 4. CONTÍA

Pola prestación deste servizo establécese un custo de:

- 12 €/hora, de luns a sábados.
- 18 €/hora, domingos e festivos.

ARTIGO 5. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA E PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

5.1 Capacidade económica

5.1.1 A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

5.1.2 O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

5.2 Participación no financiamento do servizo.

5.2.1 No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

5.2.2 Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

A aplicación das porcentaxes recollidas na táboa anterior sobre o IPREM correspondente ao ano 2012 que son 532, 51 euros.

5.2.3 Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresada no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna das táboas anteriores para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

5.2.4 En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

ARTIGO 6. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA E PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

6.1 Capacidade económica

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

6.1.1 Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

6.1.2 Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

6.1.3 A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% de patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que conviven no fogar.

6.2 Participación das persoas usuarias no financiamento.

6.2.1 Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 da ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de A Cañiza.

<i>CAPACIDADE ECONÓMICA</i>	<i>PARTICIPACIÓN NO CUSTO DO SERVIZO DE SAF BÁSICO</i>
Menor de 0,80 IPREM (426,01)	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM (426,01 e 799,00)	20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM (799,00 e 1.065,027)	30%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM (1.065,02 e 1.331,28)	40%
Maior de 2,50 IPREM (1.331,28)	60%

6.2.2 Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

6.2.3 En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40 % da súa capacidade económica.

ARTIGO 7. OBRIGA DE PAGO

A obriga de pagar os prezos públicos, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1 Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.

8.2 O Concello unha vez iniciada a prestación do servizo, procederá a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensualidade que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.

8.3 Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensualidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.

Nos supostos de suspensión temporal do servizo, a comunicación desta deberase facer con quince días naturais anteriores ao día da suspensión aos efectos de que por parte do departamento de Servizos Sociais tramítase o correspondente informe e emítase un informe valorado da situación consonte ao establecido no artigo 9 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

No caso de que a suspensión estea debidamente xustificada no expediente, os obrigados terán dereito á devolución da contía correspondente ao período de suspensión, se é o caso, e regularizase na primeira mensualidade despois de reiniciarse o servizo.

De non se posible facelo así, procederase á devolución que no seu caso corresponda á conta declarada polo beneficiario na súa solicitude de prestación do SAF.

En calquera caso será imprescindible o informe social do/a traballador/a social, co visto e prace da Oficina Técnica de Benestar Social, que incorporase ao expediente individual/familiar.

8.4 A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas por causa imputable ao obrigado ao pagamento, determinará a interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa.

8.5 Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A modificación da tarifa do prezo público establecido na presente ordenanza será obxecto de modificación mediante acordo do Pleno do Concello de A Cañiza, previa proposta do servizo correspondente á que haberá de xuntarse informe no que se poña de manifesto que a tarifa proposta cubra.

como mínimo o custo do servizo prestado ou actividade realizada ou, no caso de que non o cubra as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que aconsellen fixar prezos por debaixo dese límite.

A contía da cota do prezo poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 248 de 29 de decembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e producirá efectos ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Cañiza, a 22 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013002017

A N U N C I O

O Pleno do Concello de A Cañiza (Pontevedra), en sesión celebrada na data 22 de febreiro de 2013, aprobou inicialmente o novo **REGULAMENTO REGULADOR DA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE A CAÑIZA**.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, o acordo provisional referido faise público por un prazo de trinta (30) días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. No caso de que non se presenten reclamacións dentro do indicado prazo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O expediente completo pode consultarse na Secretaría do concello, donde se atopa de manifesto.

A Cañiza, a 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013002015

A N U N C I O

Por medio do presente faise público que o Pleno do concello de A Cañiza na sesión plenaria de data 22.02.2013 procedeu á aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DA CAÑIZA*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello da Cañiza, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º.—OBXECTO

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello da Cañiza.

O Servizo de axuda no fogar (SAF), que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu ámbito habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de a Cañiza

ARTIGO 3º.—NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar. Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 4º.—CONTIDO DO SERVIZO

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Apoio no coidade e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
- V. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
 - a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
 - b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
 - c. Adaptacións funcionais do fogar.
 - d. Servizo de podoloxía.
 - e. Servizo de fisioterapia.
3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.
4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.
5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
 - a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
 - b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

ARTIGO 5º.—*PERSOAS DESTINATARIAS.*

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 6.—*DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.*

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente
9. A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

ARTIGO 7º.—DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e intervención social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
- 9.

ARTIGO 8º.—CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - b. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

- c. Falecemento da persoa usuaria.
 - d. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
 - e. A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - f. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.
2. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 9º.—CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- 1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- 2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

ARTIGO 10º.—FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello da Cañiza ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

ARTIGO 11º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS.

- 1. O profesional de referencia, será o Traballador Social municipal que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria.

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello de a Cañiza, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a. Un informe social, de avaliación previa ao inicio do servizo, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo, no caso de usuarios privados ou cheque /libranza.
 - b. Un proxecto de intervención, asinado polo/a traballador/a social recollendo o horario de atención, obxetivos e tarefas que se propoñen, tanto de carácter persoal como doméstico.
 - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de a Cañiza e a persoa usuaria.
 - d. Informes de seguimento periódicos, das visitas de comprobación e seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DA CAÑIZA

ARTIGO 12º.—MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO, ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de a Cañiza, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrência, segundo o seguinte procedemento:

- a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
- I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
 - III. Certificado de convivencia
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
1. Fotocopia da última declaración da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin.
- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.
- No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.
- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposto do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

ARTIGO 13º.—DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se aproba a súa solicitude na Xunta de Goberno Local, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ó perfil requerido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido.
5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.
6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.
7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
 - Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo ... desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009).
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello da Cañiza e a persoa usuaria.
 - Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

ARTIGO 14º.—INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

ARTIGO 15º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DO SISTEMA DE ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS DA DEPENDENCIA

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.
2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ARTIGO 16º.—DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

ARTIGO 17º.—PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1.—No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.—Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.—Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.—En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

ARTIGO 18º.—PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DOUTROS SERVIZOS QUE IMPLIQUEN COPAGAMENTO.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei

39/2006, aplicárase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

*CAPACIDADE ECONÓMICA**PARTICIPACIÓN NO CUSTO DO SERVIZO DE SAF BÁSICO*

Participación no custo do servizo de SAF básico

Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	30%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM	60%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 19º.—AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DOS SERVIZOS

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de a Cañiza, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

ARTIGO 20º.—DA COORDINACIÓN COAS ENTIDADES PRIVADAS QUE ATENDAN A PERSOAS USUARIAS FINANCIADOS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

ARTIGO 21º.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

ARTIGO 22º.—NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. O Concello unha vez iniciada a prestación do servizo, procederá a aprobar a liquidación que corresponda, na que constarán os datos precisos para a determinación do importe correspondente á mensualidade que se indique nela, emitindo a carta de pago correspondente.

ARTIGO 23º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ós pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 248 de 29 de decembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

De acordo co sinalado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local. A presente Ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, a súa publicación íntegra no BOP e unha vez que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

A Cañiza, a 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013002016

* * *

A ESTRADA**A N U N C I O**

Por medio do presente faise público que a obra de rehabilitación do edificio da Praza de Abastos (Proxecto Novo Mercado) atópase cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Programa Operativo, Eixo 5 Desenvolvemento Local e Urbana).

A Estrada, a 21 de febreiro de 2012.—O Alcalde, ilexible.

2013001913

* * *

A GUARDA**A N U N C I O**

En cumprimento do establecido na Resolución de 12 de abril de 1997 (BOE 11/04/1997) en relación cos artigos 72 e 54 do Regulamento de Poboación Territorial das Entidades Locais, aprobado por RD 1690/1986, procédese á publicación para que sirva a efectos de notificación a:

- CARLOS MANUEL SANTOS CAÇOILLO con NIE nº X-03008134-X e último domicilio coñecido e que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Lugo, nº 6-1º.
- JORGE MANUEL DA ROCHA PORTELA con NIE nº X-4742671-W e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Manuel Álvarez, nº 11-2ºD.
- HORACIO JUAN REYES CRESPO con DNI nº 42.003.769-N e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na Urbanización Río Miño, nº 3-2ºD.
- FABIANE DE SOUZA MARTINS con documento nº Y-00463538-X e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Baixada á Praia Santa Tecla, nº 26.
- MANUEL GONZÁLEZ FRANCO con DNI nº 35.574.719-K e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Malteses, nº 41-1º.
- JUAN LORENZO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ con DNI nº 35.561.686-Y e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Camiño da Granxa, nº 4.

- DANIEL LUIS VERDE MALHAO con NIE nº X-08383170-S e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Cal, nº 53.
- JOSÉ MANUEL PIRES QUINTAS con NIE nº X-5127227-K e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Cal, nº 24.
- MARÍA DEL PILAR RODRÍGUEZ ALONSO con DNI nº 76.896.212-J e último domicilio coñecido que consta no Padrón Municipal de Habitantes de A Guarda na rúa Cal, nº 4-baixo.

Xa que non foi posible efectua-las correspondentes notificacións de propostas para as súas baixas no mesmo.

Para que no prazo de quince días contados a partir da publicación deste anuncio, presenten as alegacións oportunas sobre a referida baixa no Padrón de Habitantes, nas oficinas do Concello da Guarda (Praza do Reló, nº 1, 36780 A Guarda). Transcorrido dito prazo darase traslado do expediente ao Instituto Nacional de Estatística para que informe ao respecto.

A Guarda, a 22 de febreiro de 2013.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas.

2013001916

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

Aprobada inicialmente o Regulamento municipal da praza de abastos do Concello de Gondomar en sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación municipal o día 05 de decembro de 2012 e publicado dito acordo no B.O.P. núm. 06 de 09 de xaneiro de 2013 e non téndose formulado reclamación algunha contra dito acordo, considérase aprobada definitivamente a Ordenanza que de seguido se publica:

REGULAMENTO MUNICIPAL DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE GONDOMAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante o presente regulamento o Concello de Gondomar pretende regular e ordear a actividade comercial desenvolvidas na praza de abastos, mediante a adopción de diferentes medidas e ao abeiro das competencias locais previstas polos artigos 25.2.g e 26.1.b da Lei reguladora das bases do réxime local e da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dita actividade organizarase mediante o sistema de concesión, segundo as previsións do presente regulamento e da lexislación vixente na materia.

CAPÍTULO I

DO FUNCIONAMENTO DO MERCADO

ARTIGO 1

A utilización por parte das e dos particulares das prazas de abastos, como bens de servizo público, só será posible baixo a forma de concesións administrativas. A adxudicación de postos de venda terá carácter de concesión administrativa e quen ten a titularidade non adquirirá a propiedade senón un dereito real de ocupación.

ARTIGO 2

Non se permite exercer ningún tipo de actividade maiorista ou mixta de produtos alimenticios de xeito ambulante ou permanente, no recinto e nas inmediacións da praza de abastos. Queda totalmente

prohibida a actuación de revendedores e vendedores ambulantes con vehículos, postos móbiles ou desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto da praza de abastos, así como nos seus arredores, a excepción da actividade desenvolta no mercado ambulante dos luns.

ARTIGO 3

A praza de abastos municipal ostenta a condición de servizo público, polo que o Concello exercerá a necesaria intervención administrativa, a vixilancia necesaria e cantas funcións impliquen exercizo de autoridade e sexan da súa competencia.

O mercado ten por obxecto a venda ao por menor dos produtos alimenticios e outros, asegurando a libre competencia entre os vendedores.

ARTIGO 4

Ten consideración de praza de abastos municipal o edificio localizado na rúa Rosalía de Castro 22 no Concello de Gondomar. A actividade na praza de abastos desenvolverase nos espazos destinados para tal fin, que son os seguintes:

- a. Postos fixos: superficie pechada de obra, semellante a un local comercial, na que o/a concesionario/a poderá almacenar, expoñer e comercializar os seus artigos.
- b. Postos abertos: mesado, diáfano, no que o/a concesionario/a pode expoñer e comercializar os seus artigos.

Todos os postos do mercado, sexan pechados ou abertos, estarán numerados e ordenados en función do seu destino ou da actividade autorizada.

ARTIGO 5

Os días e horas de apertura e peche do mercado serán fixados polo Concello, tendo en conta a proposta do concesionario.

ARTIGO 6

Todos os produtos alimentarios que se introduzan no recinto da praza de abastos, deberán acreditar as suficientes garantías hixiénico-sanitarias, de acordo co esixido e establecido na lexislación vixente na materia.

ARTIGO 7

Os titulares dos seus postos e seus dependentes poderán entrar na praza de abastos unha hora antes da sinalada para a venda ao público, podendo permanecer no interior do mesmo ata as 8 da tarde ou hora de peche e sempre que non se entorpeza o servizo de limpeza. Fora deste horario non se permitirá a permanencia na praza de abastos de ningunha outra persona, salvo os servizos de limpeza ou vixilancia.

ARTIGO 8

A descarga dos xéneros efectuarase durante as horas e na forma que determine o Concello de Gondomar e só se permitirá a descarga de produtos nos lugares sinalados ao efecto nos horarios establecidos.

O transporte ata a praza de abastos e dentro da mesma realizarase nas debidas condicións hixiénicas, utilizando vehículos e medios de transporte axeitados. Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

A colocación e depósito dos produtos só se permitirá dentro dos postos ou lugares habilitados para elo, prohibíndose a utilización das rúas ou pasos, que deberán permanecer libres para a fácil circulación dos compradores.

ARTIGO 9

Sen perxuízo do disposto no prego de condicións económico-administrativas polas que se rexe a concesión do dereito de ocupación uso e desfrute dos postos da praza de abastos, a concesión do posto perderase por:

- a. Renuncia expresa e escrita do/a titular.
- b. Morte do titular, salvo os supostos de transmisión previstos para este caso no presente regulamento
- c. Arrendamento do posto, entendendo que exista arrendo sempre que apareza ao fronte do posto persoa distinta do titular que non acredite estar debidamente contratado e dado de alta nos seguros sociais obrigatorios
- d. Cesión do posto a un terceiro sen previa autorización expresa e por escrito do Concello de Gondomar.
- e. Pérdida da capacidade xurídica e de obrar ou da súa condición de persoa xurídica.
- f. A realización de calquera clase de obra ou a introdución de modificacións nos postos sen previa autorización do Concello.
- g. Falta de pagamento da cuota anual ou dos traspasos correspondente a cada cambio de titular unha vez finalizados os prazos correspondentes.
- h. A resolución do contrato acordada polo Concello previo expediente instruído ao efecto.
- i. Gran incorrección comercial.
- j. Transcurso do tempo polo que se obtivo a concesión.
- k. Mutuo acordo entre a Administración municipal e o/a concesionario/a.

Calquera que fora a causa da perda da titularidade, o interesado, en dito momento, deberá deixar libres e valedores a disposición do Concello o local obxecto de ocupación. En caso contrario, o Concello poderá acordar e executar por si, o desfuzamento en vía administrativa.

- l. A non ocupación e explotación do posto de venda por permanecer pechado durante tres meses ininterrompidos ou cento oitenta días alternos durante o período dun ano.

CAPÍTULO II**CONCESIÓNS E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS****ARTIGO 10**

- a. Corresponde ao Concello de Gondomar a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas.
- b. O obxecto da concesión será a utilización privativa dos postos do mercado municipal co fin de adicalos ao servizo de venda ao público duns produtos determinados. A Administración municipal, non obstante, poderá facilitar cambios de actividade comercial naqueles postos que xulgue oportuno, especialmente para promover novas actividades que estean pouco ou nada representadas no mercado, cando haxa demanda por parte das persoas usuarias e a nova actividade resulte compatible coa que desenvolven os postos máis próximos.

Á hora de tomar esta decisión, o órgano de goberno competente consultará, no caso de que exista e esté efectivamente constituída, á Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos e solicitará informe da Mesa Local de Comercio. Ao expediente engadirase tamén informe/proposta se ben do/a concelleiro/a delegado/a de mercados, en caso de que esta competencia estea delegada pola Alcaldía.

Os concesionarios dos postos fixos deberán dispor no posto que ocupan, nun lugar visible, unha ficha na que figuren datos tales como o número do posto, o titular da explotación e a actividade autorizada nese posto, así como a alta na Seguridade Social ou o IAE correspondente, de acordo co seguinte modelo, debidamente plastificada ou enmarcada, co fin do seu mantemento e non deterioro.

ARTIGO 11

- a. As adxudicacións dos postos realizarase mediante procedemento aberto, consonte as regras establecidas polo RDLex 3/2011 e demais normativa reguladora da contratación pública
O posto outorgarase ao licitador que, reunindo os requisitos esixidos nas Bases, realice a mellor oferta económica ou obteña a maior puntuación, segundo os criterios de axudicación previstos nos pregos.
- b. O Concello comprométese a entregar os postos aos/ás novos/as concesionarios/as, nas debidas condicións de uso e funcionamento.
- c. Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos deberán conter como mínimo as seguintes determinacións:
 - Posto obxecto da concesión e descrición das súas características, usos e actividades permitidos, así como requisitos que deban cumprir os licitadores.
 - Obras e instalacións que, no seu caso, deban realizar os concesionarios.
 - Instalacións de titularidade do concello que se entreguen ao concesionario para a súa explotación.
 - Prazo da concesión e prórrogas posibles, como límite máximo de 50 anos para persoas físicas e 25 anos para as xurídicas.
 - Tipo de licitación da concesión, como canon inicial, que será como mínimo equivalente á taxa dun ano pola prestación do servizo do mercado municipal establecida na Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por prestación de servizos dos Mercados Municipais, así coma as garantías definitivas que deberán constituír os concesionarios, que serán do 5% do prezo de adxudicación do posto, salvo outras determinacións específicas contidas no presente regulamento.

ARTIGO 12

O dereito de uso e aproveitamento dun posto será a título persoal e por tempo determinado. O prazo ordinario de concesión será de quince anos no caso de persoas xurídicas, prazo que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os vintecinco anos. No caso das persoas físicas, o prazo ordinario de concesión será de vintecinco anos, que poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os cincuenta anos ou ben ata a xubilación da persoa titular.

ARTIGO 13

Os dereitos que corresponden aos titulares dos postos poderán traspasarse por actos intervivos, previa aprobación polo Concello, sempre que non se varíe o destino do posto, o novo titular sexa persoa física ou xurídica con plena capacidade xurídica e de obrar e se poña a transmisión en coñecemento do Concello.

Nas transmisións mortis causa a prol dos pais, fillos ou cónxuxe viúdo, aboarán ao Concello as cantidades citadas na Ordenanza Fiscal en vigor. En caso de morte, a transmisión realizarase a prol de quen resultase ser herdeiro ou legatario. De non existir herdeiro, o posto quedará vacante, revertindo ao Concello a libre dispoñibilidade do mesmo.

Quen ten a titularidade de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderá transferir ou traspasar o seu uso e aproveitamento polo período que reste de concesión, trala autorización da autoridade municipal e o pago das taxas correspondentes, sempre que a parte cedente teña acreditado estar explotando o posto de venda, polo menos, durante o período de cinco anos dende o momento da concesión, e que a parte adquirente reúna as condicións esixidas neste regulamento e no resto da lexislación para poder contratar coas administracións. En ningún caso, o prezo declarado de traspaso poderá ser inferior ao prezo da adxudicación inicial da concesión; e para o caso de non existir este non será inferior á cantidade equivalente a unha anualidade vixente das taxas que se satisfagan pola concesión do posto que se pretende traspasar.

Nestes casos rexen as mesmas normas e prazos relativos á prórroga da concesión.

ARTIGO 14

Rematada a concesión, e no caso de que non se transmitise esta, o posto reverterá automaticamente ao Concello, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha á parte adxudicataria quen, en todo caso, poderá retirar o mobiliario e maquinaria que tivese instalado coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso. Só despois de cumprir con esta obriga, poderá devolvérselle a fianza depositada no momento da adxudicación.

CAPÍTULO III CONCESIONARIOS/AS E AUTORIZADOS/AS

ARTIGO 15

Poderá ser concesionaria dun posto calquera persoa física ou xurídica que dispoña dun título habilitante por parte da Administración municipal, a cal terá a forma de concesión administrativa demanial.

Os/as concesionarios/as deberá reunir os seguintes requisitos:

- a. Estar dada/s de alta na actividade censual no epígrafe correspondente, dentro do Concello.
- b. Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- c. Estar dada/s de alta na Seguridade Social segundo corresponda en cada caso.
- d. Estar ao corrente no pagamento dos impostos e taxas municipais.

No prazo máximo de trinta días posteriores á comunicación da concesión ou autorización por parte do Concello deberán acreditar os requisitos establecidos nos apartados a e b.

ARTIGO 16

Un mesmo posto non pode ser concedido a máis dunha persoa física ou persoa xurídica. Tampouco poderá ser concedido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean inmersas nalgún caso de prohibición para contratar establecidos na normativa sobre contratos das administracións públicas.

Non poderán optar á concesión administrativa de postos aquelas persoas ás que lles fora revogada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Tampouco poderán optar os comprendidos nos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na normativa de contratación das administracións públicas. Ningunha persoa física ou xurídica poderá dispoñer de máis de dous postos en concesión.

ARTIGO 17

No caso de concesión ou autorización a unha persoa xurídica, esta deberá poñer á fronte do posto persoal empregado en posesión do carné de manipulador de alimentos.

ARTIGO 18

O Concello poderá requirirllles en calquera intre aos/as concesionarios/as e persoas autorizadas xustificantes conforme cumpren os requisitos establecidos nos artigos anteriores.

CAPÍTULO IV**DEREITOS E OBRIGAS DOS/AS CONCESIONARIOS/AS E AUTORIZADOS/AS****ARTIGO 19**

O Concello non asumirá responsabilidades por danos, susbstraccións ou deterioro das mercancías. Tampouco asumirá a responsabilidade dunha verdadeira e propia custodia, aínda que provean a vixilancia do mercado.

ARTIGO 20

Obrigas: Os vendedores deberán:

- a. Usar os postos só para a venda de mercancías e obxectos propios do seu negocio.
- b. Conservar en bo estado a porción de dominio e os postos, obras e instalacións utilizados.
- c. Exercer ininterrumpidamente, durante as horas sinaladas e coa debida perfección e esmero, a súa actividade comercial.
- d. Vestir correctamente e aseadamente a indumentaria axeitada.
- e. Coidar que os seus respectivos postos estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénicas e de prestación.
- f. Contribuír á limpeza, conservación e vixilancia do mercado na forma e condicións que se establezan de acordo co establecido neste regulamento, e no contrato de adxudicación.
- g. Satisfacer as exaccións que correspondan, de acordo co contrato adxudicado.
- h. Aboar o importe dos danos e prexuízos que o mesmo titular, os seus familiares ou dependentes causasen nos bens obxecto da autorización ou da licenza e nas instalacións ou no edificio do mercado.
- i. Facilitar os datos que lles solicite a administración con referencia á actividade que realizan como concesionarios públicos.
- j. Cumprir as demais obrigas que resulten do presente regulamento e as ordes e instrucións da autoridade municipal ou dos seus axentes.
- k. Exhibir ós funcionarios municipais, ao dar comezo o ano económico, o documento acreditativo de estar ao corrente das súas obrigas fiscais.
- l. Xustificar cando sexan requiridos polos funcionarios municipais, o pagamento dos impostos e exaccións municipais legalmente esixibles por razón do exercizo do seu comercio nos postos.
- m. Os postos de venda serán atendidos polos/as titulares destes, sen prexuízo da colaboración directa da súa familia, descendentes ou ascendentes, que en todo caso, deberá ser autorizada previamente polo Concello, para o cal deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Dispor do correspondente carné de manipulador de alimentos, así como do DNI.
 - Estar afiliado á Seguridade Social.

- n. Se contratan outras persoas que presten servizos baixo a súa dependencia, estas persoas deberán estar dadas de alta na Seguridade Social, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e ter un contrato de traballo.
- ñ. Ter a disposición das autoridades competentes un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello.
- o. Expoñer á vista do público unha mostra de todos os artigos que se vendan cos seus respectivos prezos. Igualmente, han de contar cos instrumentos regulamentarios de pesar e medir axustados aos modelos oficialmente homologados.
- p. Depositar os desperdicios e obxectos inservíbles en bolsas totalmente pechadas nos colectores destinados para tal fin e nas horas sinaladas.
- q. Manter en todo momento unha absoluta corrección coas demais persoas usuarias do mercado, empregando boas formas e respecto nas relacións entre si, co público e coas autoridades.
- r. Utilizar o posto, só e exclusivamente para o fin para que está destinado e para o que foi concedido.
- s. Almacenar as mercadorías dentro do propio posto; non poderán utilizar os espazos comúns ou libres do mercado. Igualmente, absteranse de colocar xéneros, mostras e/ou outros obxectos no chan, na fachada ou na cuberta dos postos, nin sequera con carácter temporal. Non se estacionarán fóra dos postos.
- t. Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.
- v. A venda levarase a cabo sempre dende o interior do posto.

ARTIGO 21**Prohibicións.**

- a. Expoñer as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles correspondan (pasos, frontes...).
- b. Limpar despoixos na praza durante o horario sinalado para a venda, salvo aqueles produtos mercados por un/unha cliente/a e que solicite que llos limpen.
- c. Guindar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.
- d. Reconxelar os alimentos que sufran cambios de temperatura que lle fagan perder as súas condicións específicas. Tampouco se poderán expoñer as mercadorías que precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados para cada caso.
- e. Dispoñer de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas das mercadorías.
- f. Voceo, o uso de alt falantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecer os produtos e mercadorías, que supoñan alteracións no transcorrer normalizado da venda.
- g. A venda ambulante do xeito indicado no artigo 2.
- h. O emprego de recipientes ou medios de transporte de mercadorías que danen ou deteriorenen o pavimento do recinto.
- i. A venda a granel ou por fraccións cando esta venda estea prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou polas normas específicas.
- j. O emprego de papeis, cartóns, xornais, impresos... para envolver produtos. Non terán esta condición de papeis impresos aqueles que leven consignados os datos do/a vendedor/a sobre a cara do papel que non estea en contacto co alimento e que, con carácter xeral, estean autorizados pola inspección sanitaria.
- k. Levar a cabo xestións de venda fóra do posto.

CAPÍTULO V
DA DIRECCIÓN DA PRAZA DE ABASTOS

ARTIGO 22

O director ou administrador do mercado será o concelleiro competente en mercados municipais e praza de abastos.

ARTIGO 23

Sen prexuízo das facultades de orden higiénico-sanitario que corresponden aos servizos sanitarios, o director do mercado terá as seguintes funcións:

- a. Dirixir a todo o persoal que, por conta do Concello desenvolva algunha actividade no mercado.
- b. Vixilar o normal desenvolvemento da actividade mercantil, atendendo cantas queixas ou reclamacións poidan formular os titulares ou vendedores dos postos e o público usuario do mercado, trasladando ditas reclamacións cando proceda, ao Concello.
- c. Manter relación directa cos titulares dos postos e coas asociacións de vendedores, notificándolles cantas comunicacións lles afecten.
- d. Coidar da limpeza, bo orde e funcionamento do mercado e de todas as súas instalacións.
- e. Facilitar a actuación dos servizos municipais que deban intervir na praza de abastos por razón do seu cargo.
- f. Inspeccionar todas as dependencias do mercado, tanto interiores como exteriores e os instrumentos de pesar e medir.
- g. Velar pola conservación do edificio e as súas instalacións.
- h. Elevar parte á Alcaldía dando conta das anomalías e incidentes.
- i. Facilitar ao Concello canta información ou datos estatísticos relacionados coa actividade de abastecemento, fose requirida.

ARTIGO 24

Os vendedores non poderán oporse á inspección nin ao decomiso por causa xustificada das mercancías. O xénero declarado en malas condicións sanitarias será destruído con arranxo ao que dispoña o servizo competente en sanidade, ao obxecto de que non poida consumirse.

CAPÍTULO VI
DOS CONSUMIDORES/AS E USUARIO/AS DA PRAZA DE ABASTOS

ARTIGO 25

Dereitos.

A prestación de servizos nos mercados municipais ás persoas consumidoras e usuarias efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación.

As persoas consumidoras e usuarias terán os seguintes dereitos:

- a. Ter acceso aos servizos en condicións básicas de igualdade.
- b. Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
- c. Solicitar da administración municipal o axeitado funcionamento das instalacións, denunciando, se é o caso, as irregularidades observadas.

- d. Ser informadas das normas do funcionamento do mercado.
- e. Ter garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
- f. Os demais dereitos recoñecidos por este regulamento e normativa de obrigada aplicación.

ARTIGO 26

Obrigas.

- a. Utilizar as instalacións do mercado de acordo coa súa natureza e destino.
- b. Acatar as instrucións da Administración municipal ditadas en cumprimento deste regulamento e normas de obrigado cumprimento.
- c. Non tocar nin apalpar as mercadorías expostas ao público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorábeis.
- d. Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando medie dolo ou culpa da persoa consumidora.
- e. Os demais deberes que lles imponha ás persoas consumidoras e usuarias a normativa de obrigado cumprimento.

CAPÍTULO VII**OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS****ARTIGO 27**

Cantas obras e instalacións se realicen nos postos fixos, especiais e almacéns depósitos e queden unidas de modo permanente ao piso, paredes e demais elementos integrantes do inmovible do mercado, quedarán en propiedade municipal, unha vez concluído ou rescindido o contrato de adxudicación.

Entenderase que tales obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non poidan separarse dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioro destes.

ARTIGO 28

Sen previo permiso da Administración municipal, non poderán practicarse obras nin instalacións de ningunha clase nos postos dos mercados.

ARTIGO 29

Serán a cargo dos titulares, as obras de construción e adaptación dos postos do mercado, así como cantas instalacións tiveran que realizarse naqueles e os gastos de conservación de ditos postos e instalacións.

Ditas obras e instalacións e os traballos de conservación indicados serán realizados polos propios titulares, salvo cando o Concello acordase a súa execución por sí, e sen prexuízo neste caso de reclamar o seu importe aos titulares na forma que proceda.

ARTIGO 30

Será obrigatoria a execución de obras de adaptación dos postos, ao adquirirse aqueles polos novos titulares, para o cal os interesados, dentro do prazo de 30 días a contar da adquisición do posto, presentarán no rexistro xeral do concello, solicitude de autorización de ditas obras achegando planos e memoria das obras a realizar.

A non presentación de dita documentación, ou a inexecución das obras nos prazos sinalados, poderá ser sancionado. Se transcorridos dous meses de imposta a sanción, tampouco se cumprira o ordenado, poderá acordarse a perda da titularidade, declarándose vacante o posto.

ARTIGO 31

Será por conta das/os titulares dos postos aboar o consumo de auga e electricidade, así como as taxas pola recollida do lixo, saneamento e depuración de augas que o Concello estableza, de acordo coas respectivas ordenanzas fiscais.

ARTIGO 32

No taboleiro de anuncios da praza de abastos, informarase ao público da existencia dun Libro de Reclamacións en cada un dos postos de carácter individual, con follas numeradas. A reclamación farase chegar, por medio da propia persoa usuaria ou pola directiva da asociación concreta á Concellaría de Mercados mediante a súa presentación no rexistro xeral deste Concello, para adoptar, se é o caso, as medidas procedentes e darlle conta á Alcaldía.

A praza de abastos terá, á vista do público, un taboleiro de anuncios no que se farán públicas cantas disposicións sexan de interese tanto para o persoal de vendas coma para o público en xeral. Non se permitirá ningún tipo de publicidade colocada fóra destes taboleiros, agás os rótulos de cada establecemento nos que se anunciará o nome da persoa titular. Non se permitirá o uso particular de altosfalantes, aparellos de megafonía, repartimento de impresos, voceo ou calquera outro sistema sonoro de ofrecemento de mercadorías ou produtos. A correspondente asociación de comerciantes da praza de abastos poderá facer, de xeito colectivo e tras a conformidade da autoridade municipal, campañas de publicidade conxunta.

CAPÍTULO VIII INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 33

As persoas titulares dos postos serán responsables das infraccións que se cometan contra o presente Regulamento e demais normativas vixentes que afecten ao comercio polo miúdo de alimentación.

ARTIGO 34

As infraccións das e dos titulares dos postos clasifícanse en: leves, graves e moi graves.

a. Faltas leves:

- A falta de limpeza nos postos do mercado.
- Guindar lixo e desperdicios fóra dos contedores.
- O abandono de envases e mercadorías dentro do recinto e arredores.
- Os altercados verbais coa clientela, outros/as titulares dos postos ou calquera outra persoa dentro do recinto.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 2 000 euros.
- Manter o posto pechado máis de quince días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a persoa titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- A non utilización do uniforme que se entenda estandarizado para todo o persoal de vendas do mercado, así coma o incumprimento das normas de aseo persoal por parte dos/as concesionarios/as e os seus colaboradores e colaboradoras.
- Non estar atendido o posto polo/a titular ou a persoa autorizada expresamente polo Concello.
- A desobediencia ou incumprimento das instrucións da persoa encargada da praza de abastos, en materia da súa competencia.

- Todas aquelas infraccións en relación co presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

b. Faltas graves:

- Cometer tres faltas leves no prazo dun ano.
- A venda de produtos distintos aos autorizados polo Concello.
- Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que sexa solicitada polo persoal autorizado.
- Os altercados que afecten á boa orde do mercado.
- As defraudacións na cantidade ou a calidade dos produtos vendidos, así como a non sinalización dos prezos e calidades dos produtos expostos.
- Manter o posto pechado máis de trinta días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ao corrente no pago das taxas establecidas.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por un valor entre 2 000,01 euros e 6 000,00 euros.
- Desacato ás ordes ou mandatos das autoridades municipais.
- Empregar ou auxiliarse de colaboradores/as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral e/ou as especificacións deste regulamento.

c. Faltas moi graves:

- Cometer tres faltas graves no prazo dun ano.
- Os roubos e furtos dentro do mercado.
- O impago das taxas correspondentes.
- Destinar o posto de venda a actividades comerciais diferentes ás autorizadas na concesión.
- Non estar atendido o posto polo/a concesionario/a ou persoal asalariado deste.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor superior a 6001,00 euros.
- As ofensas de palabra ou obra ás autoridades municipais, aos/ás axentes da autoridade, ao persoal empregado da Inspección Sanitaria e ás demais persoas usuarias e público da praza.
- O incumprimento da resolución recaída por algunha infracción cometida.
- A realización de modificacións significativas nos postos sen a correspondente autorización municipal ou que modifiquen a súa estrutura construtiva.
- A cesión ou alugueiro do posto sen autorización municipal.
- O incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos e dos postos nos que se realiza a súa venda.
- A fraude na cantidade e calidade do xénero vendido.

ARTIGO 35

O Concello, tras a apertura do correspondente expediente, poderá sancionar á persoa infractora coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña á persoa infractora reparar ou repoñer os danos causados.

- Faltas leves: Cun importe entre 30,00 euros e 100,00 euros.
- Faltas graves: Cun importe entre 100,01 euros e 300,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto ata quince días.

- Faltas moi graves: Cun importe entre 300,01 euros e 900,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto por un prazo de ata trinta días ou a rescisión da concesión ou autorización e, consecuentemente, a obriga de deixalo libre no prazo máximo de dez días.

CAPÍTULO IX

ASOCIACIÓNS DE VENDEDORES

ARTIGO 36

Con carácter non decisorio, nin vinculante para o Concello, poderá constituírse unha asociación que represente aos vendedores do mercado, a cal poderá solicitar, informar ou suxerir cantas actuacións crean convenientes para a boa marcha do mercado municipal, canalizando as queixas de mercadores e vendedores, poidendo entrevistarse co director do mercado ou cos representantes do Concello sempre que o estimen necesario.

ARTIGO 37

A asociación rexeráse polos seus propios estatutos aprobados cos requisitos legais necesarios e sen que contraveñan o disposto no presente regulamento..

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador que deberá de adecuarse á normativa vixente ao respecto. Serán expedientes instruídos pola concellaría competente e resoltos pola Alcaldía.

A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais será acordado pola Alcaldía, tras o informe da concellaría competente, con audiencia ao/á concesionario/a do posto.

Para os efectos probatorios ou aclaratorios, a concellaría ou a Alcaldía poderán solicitar información da asociación de comerciantes da praza de abastos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Nos primeiros vinte días de cada ano, a asociación de comerciantes da praza de abastos entregará copia no Concello da proposta do calendario laboral correspondente a ese ano no que se incluírán tamén os horarios de apertura e peche ao público. Este calendario, tras a supervisión e aprobación da autoridade municipal, será considerado oficial e de obrigado cumprimento para todos os usuarios e usuarias da praza. Na súa elaboración, que se lle entregará como unha proposta á Alcaldía, poderán participar todos e cada un dos concesionarios e concesionarias dos postos, estean ou non asociados/as á asociación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os actuais concesionarios terán a obriga de cumprir e quedarán suxeitos ás disposicións deste regulamento respecto ao réxime dos postos, duración e transmisións. A aqueles vendedores/as que por razón da ubicación do seu posto de venda ou polos produtos que comercializan non estean amparados por este regulamento, por incompatibilidade co seu contido, concederáselle un prazo máximo de cinco anos para adaptarse aos requirimentos establecidos, mantendo os mesmos dereitos e obrigas, agás o de transmisión en calquera das súas modalidades, o que non obstará á regularización inmediata do posto, no que se refire aos produtos á vender ou á ubicación do posto, de darse os presupostos habilitantes para a mesma. Se transcorridos ese prazo máximo de cinco anos non se producise a regularización da actividade, o Concello declarará a extinción da concesión.

Concederanse novos títulos a todos aqueles vendedores/as que desenvolven a súa actividade na praza de abastos e cumpren coas condicións fixadas neste Regulamento, sexa cal sexa o réxime contractual actual, polo período máximo fixado neste regulamento (15 anos e 25 anos), a contar dende o día de entrada en vigor do presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo, sexa publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O acordo transcrito é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo pode interpoñer, RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte hábil o desta notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, se é o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

En Gondomar, a 19 de febreiro de 2012.—O Alcalde-Presidente, Fernando Guitián Guitián.

2013001999

* * *

P O I O

A N U N C I O

O Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2013, adoptou acordo de aprobación inicial do Orzamento Ordinario deste Concello para o exercicio 2013, que contén a documentación sinalada nos artigos 164 a 166 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, acordo que se transformou en definitivo, segundo o establecido no artigo 169 de dito Texto Refundido, ao non presentarse reclamacións en contra do mesmo durante o prazo de exposición ao público, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincial núm. 31 de data 13 de febreiro de 2013.

Faise público que o citado orzamento ascende, tanto en Ingresos coma en Gastos, á cantidade de 10.540.000 euros, correspondendo a cada capítulo as seguintes cantidades:

ESTADO DE INGRESOS:

Denominación		2013
CAPITULO 1	Imposto directos	3.635.000,00
CAPITULO 2	Impostos indirectos	120.000,00
CAPITULO 3	Taxas e outros ingresos	3.128.551,81
CAPITULO 4	Transferencias correntes	3.493.848,19
CAPITULO 5	Ingresos patrimoniais	102.600,00
CAPITULO 6	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPITULO 7	Transferencias de capital	0,00
CAPITULO 8	Activos financeiros	60.000,00
CAPITULO 9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL.....		10,540,000,00

ESTADO DE GASTOS

	Denominación	2013
CAPITULO 1	Gastos de persoal	3.417.150,00
CAPITULO 2	Gastos en bens correntes e servizos	5.423.855,01
CAPITULO 3	Gastos financeiros	152.000,00
CAPITULO 4	Transferencias correntes	201.680,13
CAPITULO 6	Investimentos reais	272.309,24
CAPITULO 7	Transferencias de Capital	274.005,62
CAPITULO 8	Activos financeiros	60.000,00
CAPÍTULO 9	Pasivos financeiros	739.000,00
TOTAL.....		10,540,000,00

De conformidade co disposto no artigo 127 do R.D. 781/86, de 19 de abril, faise público o cadro de persoal funcionario, persoal laboral fixo e persoal laboral temporal, e a relación de postos de traballo deste concello:

CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO**ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:****FUNCIONARIOS CON HABILITACION ESTATAL**

GRUPO	DENOMINACION	Nº		
A1	SUBESCALA SECRETARIA			
	-Secretario	1		1
A1	SUBESCALA INTERVENCION-TESOURERIA			
	-Interventor	1		1
				2

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:

GRUPO	DENOMINACION	Nº		
	SUBESCALA TÉCNICA			
	TÉCNICOS SUPERIORES ADMINISTRACIÓN XERAL			
A1	Técnico Xestión	1		1
	SUBESCALA DE XESTION:			
	TECNICOS MEDIOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
A2	-Técnico Xestión	1		1
	SUBESCALA ADMINISTRATIVA:			
	ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACION XERAL			
C1	-Administrativo	5		5
				7
	Nº. Total de funcionarios Administración Xeral.....			9

ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL				
GRUPO	DENOMINACION	Nº		
<u>SUBESCALA TÉCNICA</u>				
A1	TECNICOS SUPERIORES DE ADMINISTRACION ESPECIAL			
	-Enxeñeiro Superior	1		
	-Arquitecto Superior	1		
			2	
A2	TECNICOS MEDIOS DE ADMINISTRACION ESPECIAL			
	-Aparellador ou Arquitecto Técnico	1		
	-Asistente Social	2		
	-Bibliotecario-Arquiveiro	1		
			4	
	TECNICOS AUXILIARES DE ADMINISTRACION ESPECIAL			
C1	-Operador	3		
C2	-Auxiliar Técnico de Informática	3		
C2	-Auxiliar Técnico	1	7	
<u>SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS</u>				
CLASE POLICIA LOCAL E AUXILIARES				
ESCALA EXECUTIVA				
A2	-Inspector de Policía Local	1		
C1	-Oficial da Policía Local	1		
C1	-Policía Local	10		
C1	-Policía segunda actividade	1	13	
CLASE PERSOAL DE OFICIOS				
C2	ENCARGADOS DE PERSOAL DE OFICIOS			
	-Encargado Xeral	1		
	-Encargado Vías e Obras	1		
	-Encargado Electricidade	1		
	-Encargado Almacén	1		
	-Encargado Mantemento Colexios e locais	1		
			5	
C2	OFICIAIS DE PERSOAL DE OFICIOS			
	-Oficial conductor	4		
	-Oficial Electricista	1		
	-Oficial Enterrador	1		
			6	
C2	AXUDANTES DE SERVIZOS ESPECIAIS			
	-Axudantes de servizos especiais	4	4	
A.P.	OUTRO PERSOAL DE OFICIOS			
	-Axudante de servizos especiais	1		
	-Operarios de limpeza	1		
	-Empregada Pavillón	1		
			3	
	Nº. Total funcionarios de Admón. Especial.....			44

Total prazos de funcionarios de Administración Xeral e Administración Especial: 53

CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO:Posto de traballo e destino:

920 (SERVIZOS XERAIS)	Núm. de postos
OFICIAL 1ª ALBANEL	2
OFICIAL 1ª CONDUCTOR	1
PEON DE SERVIZOS VARIOS	4
TECNICO SUPERIOR	1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2
LIMPADORAS	2
230 (SERVIZOS SOCIAIS)	
ANIMADOR SOCIO-CULTURAL	1
PSICOLOGO	1
ORDENANZA	2
TECNICO MEDIO	2
LIMPADORA	1
312 (CENTRO DE SAUDE)	
LIMPADORA	1
320 (EDUCACION)	
Limpadora Colexios e locais	16
340 (DEPORTES)	
MONITOR DEPORTIVO	2
CONSERXE	1
LIMPADORA	1
165 (ALUMADO)	
OFICIAL 1ª ELECTRICISTA	2
170 (XARDINS E MEDIO AMBIENTE)	
PEON DE XARDINERIA	1
430 (TURISMO)	
LIMPADORA	1
Nº Total de postos.....	44

CADRO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

MESES	POSTO DE TRABAJO	Nº POSTOS
12	Peón servizos varios	2
7	Profesor graduado escolar	1
12	Avogado para o CIM	1
12	Psicologo para o CIM	1
10	Limpiadora locais	2
12	Oficial 1ªelectricista	1
12	Oficial 1ª de xardinería	1
3	Socorristas	4
	Nº total postos	13

RELACION POSTOS 2013

DENOMINACIÓN	Número	G	N	COMPLEMENTO ESPECÍFICO (**)	RETRIB. LABORAL (*)	T P	CP	F P	AA P	ESCALA	TITULACIÓN FORMACIÓN	SITUACIÓN ACTUAL
920. ADMINISTRACIÓN XERAL												
920.1 Secretaría:												
SECRETARÍA XERAL	1	A1	28	16.232,13		S	F	C	AL	HN	Licenciado	Propiedade
TECNICO DE XESTION (XEFE DE SECCIÓN)	1	A2	24	11.666,37		S	F	C	CP	AX	Diplomado	Propiedade
OPERADOR (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	8.767,50		N S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
ADMINISTRATIVO	1	C1	13	4.796,87		N S	F	C	CP	AX	Ciclo Superior ou FP2	Vacante
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1				17.084,04	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Vacante
920.2 Apertura Establecimientos:												
TECNICO ADMINISTRACIÓN XERAL (XEFE DE SERVICIO)	1	A1	25	11.417,10		S	F	C	CP	AX	Licenciado	Propiedade
920.3. Desenvolvemento Local												
TECNICO SUPERIOR	1				29.909,96	N S	La b	C	CP		Licenciado	Vacante: cuberta temporalmente
920.4 Servizos básicos:												
AUXILIAR TECN. ADMON. ESPECIAL	1	C2	17	6.567,40		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPIADORA	2				14.444,09	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Vacante
LIMPIADORA	1	A.P.	14	4.995,10		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
ENCARGADO XERAL	1	C2	18	6.311,27		S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Vacante
ENCARGADO VIAS E OBRAS	1	C2	17	5.325,86		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
ENCARGADO ELECTRICIDAD	1	C2	17	5.325,86		S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL CONDUCTOR	1	C2	16	5.015,10		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Vacante
OFICIAL CONDUCTOR	1	C2	16	5.015,10		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL CONDUCTOR	1	C2	16	5.015,10		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL CONDUCTOR	1	C2	16	4.981,80		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
ENCARGADO DE ALMACEN	1	C2	17	5.309,12		S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
AXUDANTE SERVICIOS ESPECIAIS	1	C2	16	4.777,45		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
AXUDANTE SERVICIOS ESPECIAIS	1	C2	16	4.777,45		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
AXUDANTE SERVICIOS ESPECIAIS	1	C2	16	4.777,45		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
AXUDANTE SERVICIOS ESPECIAIS	1	A.P.	14	4.967,81		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL ELECTRICISTA	1	C2	16	5.316,76		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL 1ª ALBANEL	1				16.445,13	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL 1ª ALBANEL	1				16.500,33	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Vacante: cuberta temporalmente
OFICIAL 1ª CONDUCTOR	1				16.445,13	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Propiedade
PEON SERVICIOS VARIOS	2				14.621,79	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Propiedade
PEON SERVICIOS VARIOS	1				14.621,79	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Propiedade
PEON SERVICIOS VARIOS	1				14.483,07	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Vacante: cuberta temporalmente
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1				17.250,60	N S	La b	C	CP		Graduado Escolar	Vacante: cuberta temporalmente
130. POLICIA												
INSPECTOR POLICIA LOCAL	1	A2	20	9.308,81		S	F	C	CP	AE	Diplomado	Vacante
OFICIAL DA POLICIA LOCAL	1	C1	18	9.093,66		S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Vacante
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.583,59		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.578,97		N S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade

POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.570,54		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.461,08		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.461,08		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.455,82		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.455,82		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade en C2 en virtude da Disposición Transitoria cuarta da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.469,86		N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.469,86		N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
POLICIA LOCAL	1	C1	18	6.469,86		N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
POLICIA SEGUNDA ACTIVIDADE	1	Retribucións segundo posto de orixe				N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Vacante
230. SERVIZOS SOCIAIS													
ASISTENTE SOCIAL (XEFE DE SECCIÓN)	1	A2	24	8.432,68		N	S	F	C	CP	AE	Diplomada	Propiedade
ASISTENTE SOCIAL	1	A2	24	8.093,69		N	S	F	C	CP	AE	Diplomada	Interino
OPERADOR (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	6.922,09		N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
ADMINISTRATIVO (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	6.885,90		N	S	F	C	CP	AX	Bach.Superior-FP2	Propiedade
ANIMADOR SOCIO-CULTURAL	1				25.338,85	N	S	La	b	C	CP	Diplomado	Vacante: cuberta temporalmente
PSICOLOGO	1				30.035,72	N	S	La	b	C	CP	Licenciado	Vacante: cuberta temporalmente
ORDENANZA	1				14.632,43	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
ORDENANZA	1				14.931,47	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Vacante: cuberta temporalmente
TECNICO MEDIO	1				25.280,05	N	S	La	b	C	CP	Diplomado	Vacante: cuberta temporalmente
TECNICO MEDIO (educador familiar)	1				24.986,41	N	S	La	b	C	CP	Diplomado	Vacante
LIMPADORA (25h/s)	1				11.033,52	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
312. CENTRO DE SAUDE													
LIMPADORA(30h/s)	1				10.990,68	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	propiedade
320. EDUCACIÓN													
ENCARGADO MANTEMENTO COLEXIOS	1	C2	18	5.285,61		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
AXUDANTE SERVICIOS ESPECIAIS	1	C2	16	4.809,27		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPADORA COLEXIOS E LOCAIS(30h/s)	1				11.145,84	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPADORA COLEXIOS E LOCAIS(30h/s)	1				11.058,72	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPADORA COLEXIOS, LOCAIS, VIAS E PRAIAS(30h/s)	12				10.990,68	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPADORA COLEXIOS E LOCAIS (20h/s)	1				7.308,96	N	S	La	b	c	cp	Graduado Escolar	Vacantes: cubiertas temporalmente
LIMPADORA COLEXIOS E LOCAIS(25h/s)	1				9.027,42	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Vacante
150. URBANISMO E ARQUITECTURA													
ENXEÑEIRO SUPERIOR (XEFE DE SERVICIO)	1	A1	25	8.463,03		S	F	C	CP	AE	Licenciado	Interino	
APARELLADOR (XEFE DE SECCION)	1	A2	24	7.411,88		N	S	F	C	CP	AE	Diplomado	Vacante
OPERADOR (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	6.887,67		N	S	F	C	CP	AE	Bach.Superior-FP2	Propiedade
ARQUITECTO SUPERIOR (XEFE DE SERVICIO)	1	A1	25	8.413,09		S	F	C	CP	AE	Licenciado	Interino	
AUXILIAR TECNICO INFORMATICA	1	C2	18	6.405,50		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Interino
165.ALUMBRADO													
OFICIAL 1º ELECTRICISTA	1				16.169,08	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Propiedade
OFICIAL 1º ELECTRICISTA	1				16.389,82	N	S	La	b	C	CP	Graduado Escolar	Vacante: cuberta temporalmente
164. CEMITERIOS													

ENTERRADOR	1	C2	16	4.993,11		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
330.CULTURA													
AUXILIAR TECNICO INFORMATICA	1	C2	18	6.424,21		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Interino
BIBLIOTECARIO-ARQUIVEIRO	1	A2	16	6.665,93		S	F	C	CP	AE		Diplomado	Interino
340.DEPORTES													
MONITOR DEPORTIVO	1				17.167,17	N	S	La	b	C	CP		Graduado escolar
MONITOR DEPORTIVO	1				17.208,93	N	S	La	b	C	CP		Graduado escolar
CONSERXE	1				14.632,79	N	S	La	b	C	CP		Graduado Escolar
EMPREGADA PAVILLON	1	A.P.	14	5.186,32		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Propiedade
LIMPADORA	1				11.058,72	N	S	La	b	C	CP		Graduado Escolar
170.XARDINS E MEDIO AMBIENTE													
PEON XARDINERIA	1				14.483,07	N	S	La	b	C	CP		Graduado Escolar
931 SERVICIOS ECONÓMICOS													
INTERVENTORA	1	A1	28	16.232,13		S	F	C	AL	HN		Licenciado	Propiedade
ADMINISTRATIVO (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	13.633,25		N	S	F	C	CP	AX	Bachiller Supeior-FP2	Propiedade
934 RECADACIÓN													
ADMINISTRATIVO (XEFE DE NEGOCIADO)	1	C1	22	13.645,44		S	F	L	CP	AX		Bachiller Supeior-FP2	Propiedade
AUXILIAR TECNICO INFORMATICA	1	C2	18	6.434,73		N	S	F	C	CP	AE	Graduado Escolar	Interino
ADMINISTRATIVO	1	C1	13	4.802,05		N	S	F	C	CP	AX	Ciclo Superior ou FP2	Vacante
430. TURISMO													
LIMPIADORA (30h/s)	1				11.058,72	N	S	La	b	C	CP		Graduado Escolar

97

(*) Nota: a columna de retribucións do persoal laboral engloba o soldo bruto anual, incluídas pagas extraordinarias, mais o complemento do posto de traballo
 (***)Nota: a columna de complemento específico se incrementou con respecto a do ano anterior como consecuencia de adaptala a realidade dos importes a aboar aos traballadores xa que estas contías inclúen os incrementos no complemento fixados nos exercicios 2006, 2007 e 2008 como consecuencia de incrementar o mesmo no 1% do importe das retribucións totais de cada traballador tal como estableceu a normativa naqueles exercicios para repartir o complemento en 14 mensualidades, as doce mensuais mais as dúas correspondentes as pagas extraordinarias.

Total dotacións

Códigos empregados:

NP: Número de postos ou dotacións

G: Grupo retributivo ó que se adscribe cada posto.

N: Nivel do complemento de destino de funcionarios para os efectos da percepción de dito complemento.

RETRIB.LABORAL: Retribución anual do persoal labora fixo, por praza.

TP: Tipo de posto: singularizado (S cando pola súa característica se diferencias dos restante, ou non singularizado (NS)

CP: Clase de posto: funcionario (F) ou laboral (L)

FP: Forma de provisión: A forma de provision normal será o concurso (C) pero os postos de especial responsabilidade e confianza provistaránse mediante libre designación (L)

AAP: Adscrición á Administración Pública: Admón Local en xeral (AL) ou Concello de Poio (CP)

ESCALA: (funcionarios): Habilitación Nacional (HN), Admón. Xeral (AX) ou administración Especial (AE)

RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

De conformidade co art. 75.5 da Lei de Bases de Réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 14/2000, de 28 de decembro, de medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, publícanse as contías das retribucións dos membros da Corporación, acordadas como segue:

1.—Dedicación exclusiva do Sr. Alcalde: Retribución bruta anual de 30.925,86 euros, pagadeiros en catorce mensualidades.

2.—Dedicación exclusiva da primeira Teniente de Alcalde: Retribución bruta anual de 30.925,58 euros, pagadeiros en catorce mensualidades.

3.—Dedicacións exclusivas da Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, e da Concelleira Delegada de Cultura: Retribución bruta anual de 12.195,54 euros, cada unha, pagadeiros en catorce mensualidades.

4.—Indemnizacións ao resto dos membros da Corporación:

— Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 76 euros/sesión, indemnizándose como máximo 52 sesións ó ano.

— Asistencia a sesións das Comisións Informativas:

— Presidente: 60,80 euros/sesión.

— Vocais: 38 euros/sesión.

(Indemnizarase como máximo doce sesión ao ano, agás a Comisión de Urbanismo que se indemnizarán 52 sesións ao ano, como máximo)

— Por asistencia a sesións do Pleno:

— Delegados: 152 euros/sesión.

— Resto de Concelleiros: 76 euros/sesión.

(Indemnizarase como máximo, 12 sesións ao ano)

4.—Indemnización por gastos de representación:

Por cada grupo Político: 152 euros/mes.

Por cada Concelleiro: 152 euros/mes.

5.—Indemnización por gastos de desprazamento: Percibirán, no seu caso, as axudas de custo establecidas no Grupo 1º do Anexo II, do R.D. 462/2002, de 24 de maio, revisado pola Orde EHA73770/2005, de 1 de decembro.

Poio, 4 de marzo de 2013.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

2013002052

* * *

SALCEDA DE CASELAS

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE SALCEDA DE CASELAS.

O Pleno do Concello en data de 22 de febreiro de 2013 aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos no Centro de Desenvolvemento Local de Salceda de Caselas. De conformidade co establecido no art. 17 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese a información pública o expediente durante o prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo comezará a computarse dende o día seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP. Durante o prazo de información pública os interesados poderán examinar o expediente no concello e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Para o caso de non formularse reclamación ningunha, elevarase a definitivo o acordo de aprobación inicial sen necesidade dun novo acordo plenario, procedendo á publicación no BOP do acordo definitivo. En todo caso, o texto definitivo da Ordenanza precisará para a súa entrada en vigor que sexa publicado integramente no BOP.

Salceda de Caselas, 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2013002046

Anuncio de modificación da plantilla de persoal do concello.

En data de 22 de febreiro de 2013 aprobouse inicialmente polo Pleno do Concello a modificación da plantilla de persoal (aprobada definitivamente o 31/08/2012, BOP nº 177 de 13 de setembro de 2012), creándose unha nova praza tal e como se recolle no ANEXO que figura a continuación. En cumprimento do artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), exponse o expediente ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do

presente edicto no BOP, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes conforme establece o artigo 170 do TRLRFL. Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se consideren pertinentes.

A modificación da plantilla considerárase definitivamente aprobada se durante este prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

A N E X O

MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL FUNCIONARIO

Nº de prazas	Denominación	Situación da Praza	Escala	Subescala	Clase-categoría	Grupo-Subgrupo	Nivel	Provisión	Observacións
1	Conductor	En propiedade	Administración Especial	Servicios especiais	Praza de cometidos especiais	C2	12	*Reasignación	Dedicación Plena

* Coa disolución da Mancomunidade do Condado produxose a reasignación ao Concello de Salceda de Caselas dun traballador- persoal funcionario.

Salceda de Caselas, 25 de febreiro de 2013.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2013002047

* * *

SILLEDA

A N U N C I O

Presentada neste Concello por dona M^a Asunción García Hernández en representación de VILGAR, S.C, solicitude para a avaliación de impacto ambiental da ampliación dunha explotación avícola destinada á ceba de polos, ubicada nas parcelas catastrais 10079, 20079 e 30079, polígono 502, na paraxe chamada Romaris, na parroquia de Escuadro (Silleda), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, sométese o expediente a exposición pública durante o prazo de TRINTA DÍAS a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, estará exposto no taboleiro de anuncios do Concello e o expediente poderá consultarse no Departamento de Urbanismo deste Concello os días laborais en horario de 9:00 h. a 14:00 h., todo elo a efectos de posibles reclamación.

Silleda, 20 de febreiro de 2013.—A Alcaldesa-Presidenta, Paula Fernández Pena.

2013002050

* * *

TOMIÑO

A N U N C I O

A XGL órgano competente ao efecto acordó e por unanimidade na súa sesión do 18.02.2013 o establecemento e aprobación da seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE CURSOS OFERTADOS DENTRO DA PROGRACIÓN PRIMAVERA 2013 DA OMIX TOMIÑO

1º.—DETERMINACIÓN DO SERVIZO: Cursos ofertados dentro da programación de Primavera 2013 da omix de Tomiño, dirixida principalmente á mocidade de 12 a 30 anos.

1.1.—CURSO BÁSICO DE FRANCÉS: o alumnado iniciárase nos coñecementos da lingua na lectura, escritura e conversacional. Duración 25 horas. Inicio: 20 de marzo. Horario: martes-mércores de 20h a 22h. Prezo de Inscripción: 15€.

Prazo de inscrición: ata o 15 de marzo. Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25.

Requisitos de inscrición: mocidade de 12 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.2.—CURSO DE FORMADOR/A DE FORMADORES: Dirixido a profesionais da docencia en activo ou non, persoas curiosas na metodoloxía de traballo con grupos pequenos, a todas as persoas que queiran orientarse a calquera tipo de impartición de accións formativas. Módulo I: Plan de formación, detectar necesidades formativas, elaborar diagnóstico da situación actual e a planificación de obxectivos de formación, elaborar contidos da formación e sistema de avaliación.

Módulo II: Metodoloxía e técnicas de formación. Proceso de interiorización da aprendizaxe, ferramentas de dinámicas de grupos, comunicación, resolución de conflitos, intelixencia emocional, coaching para a formación.

Duración: 40 horas. Inicio: 12 de Abril. Horario: venres de 19-22h e sábados de 10 a 14h. Prezo inscrición: 45€. PRAZO DE INSCRICIÓN: ata o 5 de abril. Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25.

Requisitos de inscrición: mocidade de 18 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.3.—CURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL: o obxectivo do curso e coñecer as posibilidades que teñen as cámaras de fotos dixitais para sacarlle o máximo partido. Contidos: Que é a fotografía. O lente. A cámara, diafragma, obturador e o seu funcionamento. Importancia da luz na fotografía. Diferenzas entre fotografía dixital e analóxica. Consellos e trucos á hora de fotografar. Recomendacións á hora de adquirir unha cámara. Catro horas de fotografía en campo.

Duración: 15 horas. Inicio: 5 de abril. Horario: venres de 16h a 20h. Prezo inscrición: 10€ Prazo de inscrición: ata 25 de marzo..

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25 Requisitos de inscrición: mocidade de 12 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.3.—OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE XABÓN- ECOCOSMÉTICA E ECOLIMPEZA DO FOGAR: Neste obradoiro as persoas participantes aprenderán a identificar algúns compoñentes nocivos para a pel, a elaborar xabóns artesanais e elaborar as nosas propias receitas aproveitando un residuo difícil de tratar como é o aceite. Faranse produtos naturais de limpeza para o fogar, realizaranse de xeito práctico e sinxelo os distintos produtos cosméticos de uso cotiá como cremas, bálsamos labiais, produtos capilares, dentífricos e desodorantes naturais. Nocións básicas de aromaterapia.

Duración: 9 horas. Inicio: 6 de maio. Horario: Luns/Mércores/Venres de 19h a 22h ou de 10 a 13h segundo demanda. Prezo: 6€. Prazo de inscrición: ata o 12 de maio.

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25 Requisitos de inscrición: mocidade de 12 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.4.—CURSO BÁSICO DE PORTUGUÉS: o alumnado iniciárase nos coñecementos da cultura lusa e da lingua na lectura, escritura e conversacional.

Duración: 25 horas. Inicio: 20 de maio. Horario: luns e venres de 20h a 22h Prezo inscrición: 15€. Prazo de inscrición: ata o 12 de maio. Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25.

Requisitos de inscrición: mocidade de 12 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.5.—CURSO MEDIO DE ALEMÁN: o alumnado adquirirá coñecementos medios da lingua na lectura, escritura e conversacional.

Duración: 30 horas. Inicio: 20 maio. Horario: luns e xoves 20-21.30h

Prezo inscrición: 18€. Prazo de inscrición: ata o 12 de maio.

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25. Requisitos de inscrición: mocidade de 12 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.6.—CURSO DE TÉCNICAS DE VENDAS: Contidos; marcos da venda, preparación dunha entrevista de vendas, actitudes, obxectivos, información, produto. Procesos da venda; apertura, identificar necesidades, argumentar, tratar obxeccións, obter compromiso/peche. Seguemento. Obradoiros prácticos.

Duración: 40 horas. Inicio: 8 de abril. Horario: luns e xoves de 11.30h a 13.30h.

Prezo inscrición: 25€. Prazo de inscrición: ata o 1 de abril.

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25. Requisitos de inscrición: mocidade de 16 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.7.—CURSO DE FORMACIÓN SOBRE XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS: Conceptos de xogos populares e xogos tradicionais. Recursos de xogos populares e tradicionais. Sesión práctica de xogos populares e tradicionais. Propostas de realización de proxectos de dinamización sociocultural con xogos populares e tradicionais. Propostas de elaboración de materiais de xogos populares e tradicionais con material de refugallo e/ou de baixo custe.

Duración: 16 horas. Inicio: 25 de maio. Horario: sábado e domingo (mañá e tarde)

Prezo inscrición: 8€. Prazo de inscrición: ata o 19 de maio.

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 15 persoas empadroadas no concello de Tomiño e o máximo de prazas serán 25. Requisitos de inscrición: mocidade de 16 a 30 anos. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

1.8.—CURSO DE MONITOR/A DE TEMPO LIBRE (homologado pola Consellería de traballo e Benestar da Xunta de Galicia): O obxectivo deste curso é que as persoas maiores de idade (con certificado de EXB, ESO, FP ou equivalente) acaden a titulación oficial homologada de monitor/a de actividades de tempo libre para que así podan traballar en campamentos, ludotecas, empresas de lecer, concellos etc.

Duración: 350 horas. Inicio: Abril. Horario: de luns a venres de 8.30h a 14.30h ou sábados e domingos de 8.30h a 14.30h e de 16h a 20h.

Prezo inscrición: 180€ para as persoas empadroadas en Tomiño e 200€ para os de fóra do concello. Prazo de inscrición: ata o 28 de marzo.

Para que o curso se leve a cabo será necesario un mínimo de 20 persoas e o máximo de prazas serán 25. Requisitos de inscrición: mocidade de 18 a 30 anos con certificado de EXB, ESO, FP ou equivalente. Terán preferenza os mozos e mozas desta idade empadroados no concello de Tomiño. En caso que de queden prazas libres, poderán inscribirse os maiores de 30 anos e as persoas doutros concellos.

2º.—Suposto De Feito: participación na actividade/curso escollido no horario específico de cada un.

Responsable de pagamento: o mozo/a que se inscriba na dita/s curso/actividade.

3º.—*TARIFAS:*

CURSO BÁSICO DE FRANCÉS	15€
CURSO DE FORMADOR/A DE FORMADORES/AS	45€
CURSO DE FOTOGRAFÍA	12€
CURSO DE ELABORACIÓN DE XABÓN-ECOCOSMÉTICA E ECOLIMPEZA FOGAR	6€
CURSO BÁSICO DE PORTUGUÉS	15€
CURSO MEDIO DE ALEMÁN	18€
CURSO DE TÉCNICAS DE VENDAS	25€
